



## MILAGROS OTERO GARCÍA, NOVA PRESIDENTA DA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE RADIOLOGÍA MÉDICA (SERAM)

- *Otero García viña exercendo a vicepresidencia desta sociedade*
- *Entre os seus obxectivos no novo cargo, implementar a intelixencia artificial e actualizar o programa formativo das e dos profesionais da Radioloxía*

**Vigo, 26 de xuño de 2024.** A doutora Milagros Otero García, xefa da Sección de Radiodiagnóstico do mesmo Servizo da Área Sanitaria de Vigo, foi nomeada presidenta da Sociedad Española de Radiología Médica (SERAM) na última remodelación parcial da súa xunta directiva realizada a semana pasada en Madrid.

A doutora Otero García, que exercía ata agora a vicepresidencia da citada sociedade, posúe unha ampla experiencia médica neste campo, o que lle permitiu desempeñar diferentes cargos en sociedades internacionais de radioloxía e radiodiagnóstico, como a presidencia da European Society of Genitourinary Radiology (ESNUR), entre 2020 e 2022, ademais de pertencer a outras asociacións profesionais como a European Society of Gastrointestinal and Abdominal Radiology (ESGAR), a Radiological Society of North América (RSNA), a European Society of Radiology (ESR) ou a Sociedad Española de Diagnóstico por Imagen del Abdomen (SEDIA), da que tamén foi presidenta entre 2018 e 2020.



Milagros Otero García é tamén investigadora responsable do Grupo de Diagnóstico por Imaxe, do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS) e autora e co-autora de distintos proxectos de investigación presentes nas principais publicacións a nivel internacional, así como membro en diferentes tribunais de teses doutorais.

### **Intelixencia artificial**

Tal e como indicou tras o seu nomeamento, algúns dos obxectivos técnicos marcados pola nova presidenta da SERAM son: a incorporación dos algoritmos de intelixencia artificial nos servizos de radioloxía do país e aumentar a sustentabilidade dos servizos dentro da contorna hospitalaria para diminuír a pegada de carbono. Así mesmo, no ámbito profesional renovar o programa formativo (xa que o programa é de 2008), conseguir as áreas de acreditación específica e re-certificar aos radiólogos e radiólogas.